



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

ACTA DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO PARA CONTRATACIÓN DE TRABALLADOR SOCIAL CONVOCADO POLO CONCELLO DE FRIOL (AGRUPACIÓN FRIOL-GUNTÍN). RESOLUCIÓN EN RELACIÓN COA SOLICITUDE DE REVISIÓN DE VALORACIÓN.-

No Salón de Comisións do Concello de Friol, ás dez horas do día once de xullo de dous mil dezaoito, baixo a Presidencia de don José Luis Vázquez Méndez, Secretario-Interventor dos concellos de Guntín-Portomarín, reúñese o Tribunal encargado do proceso selectivo para a provisión dunha traballador/a social.

Concurren os vogais Don Pablo Veiga López-Castelo (traballador social dos Concellos de Friol e Guntín), Dona Margarita Viña Santos (traballadora social do concello de Portomarín) Como Secretario, don Julio González Casanova, Secretario-Interventor do Concello de Friol.

Non asiste don José María Vázquez Pita (Secretario do Concello de Outeiro de Rei).

O proceso de selección realizouse de conformidade coas bases aprobadas pola Alcaldía por resolución de 23 de febreiro do actual, publicadas no B.O.P. núm. 26 de 9 de marzo. En cumprimento das bases da convocatoria, pola Alcaldía, coa data de maio, ditouse resolución pola que se aproba a lista definitiva de admitidos/as, que foron todos os que se presentaron ao proceso selectivo, por non concorrer causa que motive a exclusión de ningún dos/as aspirantes.

O Tribunal, constituíuse o catorce de xuño, procedendo seguidamente á realización do primeiro exercicio da fase de oposición, publicándose seguidamente os resultados no taboleiro de anuncios e na web do concello. De conformidade co dispuesto nas bases da convocatoria, unha vez que se procede á publicación das cualificacións obtidas polos/as aspirantes, estes/as dispoñían dun prazo de tres días hábiles, para que poideran realizar as alegacións ou reclamacións pertinentes. Unha vez transcurrido o prazo e á vista do seu resultado, o Tribunal procedería á convocataria dos/as aspirantes que superaron a puntuación mínima esixida para a realización do segundo exercicio da fase de oposición, na data que se comunicará mediante anuncio publicado na web e no taboleiro de anuncios.

No prazo concedido para elo, mediante conversación telefónica Tania Moure Eiriz, ponse de manifesto que segundo a plantilla publicada e as respostas que ela deu ás preguntas, pode haber un erro na corrección do seu exercicio. Revisado o mesmo, procedeuse á corrección da súa puntuación, procedendo á publicación da rectificación da puntuación outorgada.

Convocouse aos/as candidatos/as que superaron o primeiro exercicio, para a realización do segundo exercicio da fase de oposición, que de conformidade coas bases da convocatoria, consistirá na resolución dun caso práctico sobre labores propios do traballo para desenvolver, que se celebrou o 28 de xuño, na aula da Casa do Concello de Friol.

Unha vez que se procedeu á corrección e cualificación dos mesmos, sendo superado por todos/as que se presentaron, procedeuse á obtención da puntuación total da fase de oposición dos que superaron ambas probas, pola suma de ambas e efectuando a media. Á vista das documentacións presentadas, non foi preciso a realización da proba de galego prevista nas bases.

Seguidamente, para rematar o proceso selectivo, procedeuse á valoración dos méritos alegados na fase de concurso, de conformidade co previsto nas bases, obténdose as puntuacións que constan no expediente. Á vista do proceso selectivo e de conformidade coas bases da convocatoria, procedeuse á puntuación total do proceso selectivo (fase de concurso e oposición) seleccionando para a provisión do posto a dona Marta Corral Moreira.



J. L. V. M. J. G. M. J. G.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

De conformidade co disposto nas bases da convocatoria, unha vez que se procede á publicación das cualificacións obtidas polos/as aspirantes, estes/as disponían dun prazo de tres días hábiles, para que poidan realizar as alegacións ou reclamacións pertinentes. No prazo establecido para elo Violeta Vázquez Barreiro, presenta escrito, solicitando copia do segundo exercicio que realizou, consistente na exposición do suposto práctico. Tamén solicita a revisión da valoración do segundo exercicio en base aos contidos expostos, realizando unha análise completa do caso proposto co desenvolvemento das fases do métodos axustándose ao contido da convocatoria e o tempo marcado.

Procedeuse a revisión do exercicio, no que se outorgou unha puntuación de 8 puntos, sobre un máximo de 10 puntos. Á vista do mesmo, o tribunal, no exercicio das funcións encomendadas, de acordo coa discrecionalidade técnica e a motivación que a continuación se expresa, estima correcta a puntuación outorgada, non procedendo unha revisión á alza da mesma. Polos traballadores sociais que forman parte do órgano de selección, en canto ao principio da especialidade técnica, con independencia da presentación do exame escrito, ponse de manifesto, no que se refire ao seu contido, que non se especifican coa suficiente nitidez as seis etapas na que consistiría a resolución do caso. Aínda que no exercicio obsérvase que están implícitos, non aparecen o suficientemente discernidos. Engádese que na primeira etapa, partindo da demanda expresada, para investigar a realidade social, deberase realizar unha visita domiciliaria como primeira acción para un maior coñecemento sobre o obxecto do estudio, realizando posteriormente unha entrevista individual coa persoa usuaria para obter maior información sobre a situación persoal, formativa e laboral, e que a candidata recurrente non o sinala así. No que se refire á avaliación, que é última etapa, aínda diferenciando os dous tipos de indicadores- cautitativos e cuantitativos- non se desenvolven. Asemade, indican que a candidata recurrente, sinala que o seguimento do caso debería ser semanal, entendendo que procedería un seguimento de carácter bimestral.

Á vista do anteriormente exposto, o Tribunal encargado do proceso selectivo en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA**:

- Acceder á petición de Violeta Vázquez Barreiro, no senso de facilitarlle copia do segundo exercicio que realizou, consistente na exposición dun suposto práctico.
- Confirmar a puntuación outorgada ao seu exercicio, elévandose a definitivos os resultados publicados con anterioridade e a proposta de contratación, en orde a que polo Sr. Alcalde para que dite resolución ao respecto da formalización do contrato, previa presentación da documentación á que fan referencia as bases da convocatoria.

E non sendo outro o obxecto do presente acto, do que se redacta a presente acta en triplicado exemplar, que suscriben os membros do tribunal, sendo as dez horas e trinta e cinco minutos, da data ao principio indicada, de todo o que eu, Secretario, redacto acta, que asinan os membros do Tribunal e dou fe.



M. / → M. Vázquez
F. Vázquez